

**NOTA DE PRENSA 027/23
19 DE MAIO DE 2023**

A ESTRADA ACOLLE A SEGUNDA CITA DO GALEGO DE RALLYMIX

O Campionato Galego de Rallymix retorna esta fin de semana á actividade (20 e 21 de maio) coa celebración da segunda proba puntuable, o Rallymix da Sidra da Estrada.

Con 97 equipos no parque pechado da localidade pontevedresa, a segunda cita puntuable para o autonómico da especialidade contará cos principais favoritos dentro das dúas clases, ademáis da visita de catro pilotos chegados do Reino Unido.

Entre os favoritos dentro da Categoría A, o líder do certame Alfonso “Pisko” Ventín, que terá como principais opoñentes a Abel Jurado, Javier Ramilo, Sergio Fernández ou Daniel Remuiñán, entre outros, nun Rallymix da Sidra da Estrada que terá a máis de 40 carcross na saída.

Na Categoría B, Manuel Osorio e Alberto dos Reis, aos mandos do Skoda Fabia R5 defenderán o liderato do campionato fronte a rivais como José Fernández Gay e Freddy Carballo (campión en 2022), Celestino e Jorge Iglesias, Tinín Iglesias e Bárbara Oubel cos Fiesta N5 ou Jaime Pérez e Gonzalo Cardalda co Peugeot 208 R5, entre a abundante cantidade de vehículos con opcións.

Ademáis, na Pirelli K6, Omar López defenderá o liderato obtido en Touro fronte a outros dez rivais, que seguro apretarán a clasificación no treito marcado pola Escudería Sanpaio.

Tamén aportarán espectáculo os participantes das distintas agrupacións, con máis de dez tracción traseira ou cos participantes do Trofeo Pontevedra-Umia-Salnés.

A proba dará comezo o sábado 20 de maio as 12:00 horas coa primeira das mangas oficiais. A continuación, terán lugar as dúas restantes da xornada.

Para o domingo, dende as 09:00 horas, a cuarta e quinta manga, para posteriormente realizar a entrega de premios aos mellores equipos do 2º Rallymix da Sidra da Estrada.